



INFORME TÉCNICO SOBRE A NECESIDADE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Expediente: 2026/G016/000001

Asunto: Modificación das normas de xestión e recadación da taxa por prestación do servizo de comedor escolar

1. ANTECEDENTES

O Concello de Coirós conta cunha Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 159, do 22 de agosto de 2025.

O artigo 6 da citada Ordenanza, relativo ás normas de xestión, establece actualmente que a liquidación da cota tributaria se practicará por meses naturais e que as persoas interesadas deberán autoliquidala nos dez primeiros días do mes seguinte á prestación do servizo, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, a empresa adxudicataria ou concesionaria do servizo.

Á vista da experiencia na xestión do servizo, considérase conveniente actualizar determinados aspectos da Ordenanza. Por unha banda, coa finalidade de simplificar o procedemento de cobro das cotas mensuais, propónse implantar a domiciliación bancaria como forma ordinaria de pagamento da taxa. Por outra, considérase necesario clarificar o tratamento dos menús destinados ao persoal que, durante o horario do comedor, desempeña funcións efectivas de dirección, coordinación, atención, vixilancia, coidado ou asistencia do alumnado.

2. NECESIDADE E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

O carácter periódico da taxa do comedor escolar e a súa liquidación mensual fan da domiciliación bancaria un sistema adecuado para a xestión e recadación das cotas correspondentes.

A implantación deste sistema permitirá simplificar o pagamento para as familias usuarias, facilitar a xestión administrativa e recadatoria municipal, reducir as incidencias derivadas da falta de ingreso dentro dos prazos establecidos e favorecer un maior control e seguimento dos recibos emitidos.

Así mesmo, o pagamento mediante domiciliación bancaria atópase previsto na normativa xeral de recadación, polo que resulta procedente adaptar a regulación municipal ao novo sistema de cobro.

Xunto con esta modificación, considérase conveniente precisar expresamente na Ordenanza o tratamento dos menús correspondentes ao persoal que debe permanecer no comedor por razón das funcións que desempeña durante a prestación do servizo. Nestes supostos, o menú non responde a unha utilización voluntaria do comedor como persoa usuaria ordinaria, senón que ten carácter instrumental e está directamente vinculado ao desempeño efectivo das funcións de organización, atención, vixilancia, coidado ou asistencia do alumnado durante o período de comedor.



Esta previsión resulta coherente co réxime establecido para os comedores escolares públicos dependentes da Administración educativa, no que se diferencia entre o persoal que utiliza o comedor sen responsabilidades na súa organización ou no coidado do alumnado e aquel que desempeña efectivamente tales funcións durante o servizo. Por razóns de seguridade xurídica e de claridade na xestión do padrón mensual da taxa, considérase conveniente recoller expresamente esta circunstancia na Ordenanza municipal como suposto de non suxeición.

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Por todo o anterior, propónse modificar o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, que pasaría a denominarse “Normas de xestión e recadación”, e incorporar no artigo relativo ao feito impositivo unha previsión expresa de non suxeición dos menús destinados ao persoal adscrito ao servizo nas condicións que se indican a continuación.

3.1. Modificación do artigo 6. Normas de xestión e recadación

«Art. 6.– NORMAS DE XESTIÓN E RECADACIÓN.

A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais.

O pagamento da taxa realizarase mediante domiciliación bancaria, para o que as persoas obrigadas ao pagamento deberán facilitar ao Concello os datos bancarios correspondentes e autorizar expresamente o cargo dos recibos na conta designada.

O cargo das cotas correspondentes efectuarase na conta bancaria indicada pola persoa obrigada ao pagamento, de conformidade co calendario de cobro establecido polo Concello.

A devolución ou falta de pagamento dos recibos determinará a súa recadación de conformidade co establecido na normativa tributaria e recadatoria aplicable.

A prestación do servizo axustarase ao calendario escolar oficial correspondente ao curso escolar, e o seu horario determinarase en función das necesidades de escolarización e do propio horario escolar.

A alta, baixa ou modificación das circunstancias das persoas usuarias do servizo de comedor deberá ser comunicada ao Concello nos dez últimos días de cada mes para producir efectos no mes seguinte.»

3.2. Incorporación dun suposto de non suxeición para o persoal adscrito ao servizo

Propónse incorporar no artigo da Ordenanza regulador do feito impositivo un novo apartado coa seguinte redacción:

«Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa os menús destinados ao persoal que, durante o horario do comedor escolar, desempeñe funcións efectivas de dirección ou responsabilidade do centro vinculadas ao funcionamento do comedor, así como de



coordinación, atención, vixilancia, coidado ou asistencia do alumnado, sempre que a súa presenza durante a comida resulte necesaria para a correcta prestación do servizo e exclusivamente nos días de desempeño efectivo destas funcións.»

Esta previsión permitirá diferenciar, para os efectos da taxa, entre as persoas que utilizan o comedor como usuarias ordinarias e o persoal cuxo consumo do menú está directamente vinculado ao desempeño das funcións necesarias para a prestación do servizo. En consecuencia, estes menús non se incorporarán ao padrón mensual de persoas obrigadas ao pagamento da taxa, sen prexuízo do seu control como menús de persoal adscrito ao servizo.

4. CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, considérase necesaria e conveniente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar, tanto para establecer a domiciliación bancaria como forma de pagamento das cotas mensuais como para regular expresamente a non suxeición dos menús destinados ao persoal que, durante o horario do comedor, desempeñe efectivamente funcións necesarias de dirección ou responsabilidade vinculadas ao comedor, coordinación, atención, vixilancia, coidado ou asistencia do alumnado.

As modificacións propostas non alteran as tarifas aplicables ao alumnado usuario nin os beneficios fiscais actualmente previstos, e permiten dotar de maior claridade e seguridade xurídica tanto á xestión recadatoria como á confección do padrón mensual da taxa.

O que se informa para os efectos oportunos.

En Coirós, na data da sinatura electrónica.

A Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar